



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Lage Tuñas, Xoaquín Fernández Leiceaga e José Manuel Gallego Lomba, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión**.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os veciños do núcleo de Esteiro, na parroquia boirense do Castro, levan anos denunciando a falta de tensión na rede eléctrica. Agora o problema agrávase co incremento da poboación, ao requirir dunha maior potencia para as novas vivendas.

Neste núcleo, reclaman o reforzo da liña de subministro eléctrico. Xa que dende hai anos, a escasa potencia no subministro provoca continuos problemas, de xeito que é case imposible acender varios electrodomésticos á vez e, de noite, co inicio da tarifa nocturna, moitas vivendas quedan practicamente sen electricidade.

Os veciños de Esteiro (Boiro) veñen demandando dende hai anos solucións para solventar as deficiencias que presenta a rede eléctrica que abastece este núcleo de poboación radicado na parroquia de Santa María do Castro.

Esta situación provoca que, tarefas aparentemente tan sinxelas como poñer unha lavadora, quentar algo no microondas ou mesmo poñer a televisión se convertan nunha auténtica odisea.

Ademais as baixadas de tensión provocan frecuentes avarías nos electrodomésticos que, en ocasións, teñen que ser substituídos pola falla de uso.

Mentres tanto, os veciños seguen agardando unha solución a pesar de que o problema non fai máis que ir a peor polo incremento de poboación na zona que precisa de máis potencia para o abastecemento de novas vivendas.



Grupo Parlamentario

Os veciños xa teñen presentado numerosas reclamacións, tanto á compañía eléctrica como á Oficina Municipal de Información ao Consumidor, ao Concello de Boiro e á Consellería de Innovación e Industria.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

A Consellería de Innovación e Industria ditou unha resolución ao respecto en febreiro de 2006 na que instaba á empresa a presentar un informe da instalación necesaria para subsanar as irregularidades, nun prazo de dous meses.

Pasou xa un ano dende a citada resolución e dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos de interese coñecer os pasos dados pola Consellería de Innovación e Industria para resolver esta deficiencia histórica na parroquia do Castro en Boiro.

Por todo o anteriormente exposto, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1.- Que xestións ten realizado a Consellería de Innovación e Industria para resolver este problema que se arrastra dende hai anos no núcleo de Esteiro (Boiro)?


2.- Que previsións de mellora da rede eléctrica contempla a Consellería de Innovación e Industria para o núcleo de Esteiro (Boiro)?

Pazo do Parlamento, 23 de febreiro de 2007

Asdo.: José Manuel Lage Tuñas
Xoaquín Fernández Leiceaga
José Manuel Gallego Lomba
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



 Grupo Parlamentario

José Manuel Lage Tuñas na data 23/02/2007 16:48:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/02/2007 16:48:32

José Manuel Gallego Lomba na data 23/02/2007 16:48:47

Partido dos
Socialistas
de Galicia